



Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+

RESOLUCIÓN REITORAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A PARTICIPACIÓN NO CURSO INTENSIVO COMBINADO (BIP) ERASMUS+ *INTERCULTURAL COMPETENCIES: GLOBAL CHANGES*

O programa Erasmus+ ofrece ás institucións de ensino superior a posibilidade de financiar cursos intensivos combinados (*blended intensive programmes*), en adiante BIP, que inclúen unha formación a distancia e unha actividade de mobilidade presencial, estadias de curta duración de 5 a 30 días, co obxecto de facer un programa máis inclusivo e beneficiar a un maior número de participantes.

A Universidade de Vigo, en posesión da Carta Erasmus de Educación Superior para o período 2021-27, solicitou financiamento para a realización de actividades de mobilidade, entre outras, estadias de curta duración.

En virtude do convenio asinado co Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE), do [Regulamento de mobilidade internacional](#), e vista a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento, en virtude das facultades que lle outorga a Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría

RESOLVE:

1. Convocar as axudas Erasmus+ para o financiamento de estadias de curta duración para participar no BIP *Intercultural Competences: Global Changes* que se detalla no [anexo II](#).
2. Ordenar a publicación desta convocatoria, o [anexo I](#) (as bases que a regulan) e o [anexo II](#) (detalle do curso), no taboleiro de anuncios da [sede electrónica da Universidade de Vigo](#) e no [Portal de bolsas](#) da Universidade de Vigo.
3. A este procedemento aplicaráselle a tramitación de urxencia, pola cal se reducirán á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, debido á necesidade de preparación do estudiantado para a participación no BIP.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o reitor no prazo dun mes (Lei 39/2015, do 1 de outubro) e/ou recurso contencioso administrativo perante a xurisdición contencioso-administrativo, no prazo de dous meses (Lei 29/1998, de 13 de xullo).

Os prazos empezan a contar dende o día seguinte da publicación desta resolución. No caso de interpoñer recurso polas dúas vías, é preciso esperar a resolución expresa ou presunta de reposición.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A PARTICIPACIÓN NO BIP ERASMUS: *INTERCULTURAL COMPETENCIES: GLOBAL CHANGES*

1. OBXECTO

Ofrecer ao estudiantado da Universidade de Vigo a posibilidade de participar nun BIP favorecendo o emprego dunha metodoloxía innovadora no proceso de ensino-aprendizaxe, cunha dobre vertente: unha estada física no estranxeiro de curta duración e unha formación virtual obrigatoria.

2. REQUISITOS

Poderá participar na presente convocatoria o estudiantado que cumpra os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais das persoas participantes

- O estudiantado deberá estar matriculado/a no curso académico 2025-2026 nalguna das titulacións oficiais de grao, mestrado universitario ou doutoramento que se ofertan na Universidade de Vigo ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
- No caso de ter realizado anteriormente estadas Erasmus+, a suma de todas elas xunto con esta que solicita non poderá superar os 12 meses en total en cada ciclo de estudos, grao, mestrado universitario ou doutoramento. Neste cómputo inclúense tanto as bolsas Erasmus+ Estudos como as de Prácticas e as realizadas nun ciclo superior de formación profesional.
- Non poderán solicitar un país de destino no que se teña residencia habitual.

2.2. Requisitos específicos:

- Os establecidos no [anexo II](#).

3. DURACIÓN DO CURSO

- A establecida no [anexo II](#).
- Tanto a parte presencial como a parte en liña son de **obrigatoria asistencia**.

4. DOTACIÓN ECONÓMICA, MODALIDADES DE AXUDA E PAGAMENTO

4.1. DOTACIÓN ECONÓMICA

A Universidade de Vigo consignará a cantidade total máxima estimada de **9.380 €** para o que se achega o correspondente certificado de retención de crédito na aplicación orzamentaria 2026 00IN 121DERA 48210.

Este importe pode ampliarse dado que existe a posibilidade, en caso de necesidade, de que o financiamento do SEPIE supere o crédito retido para esta convocatoria ou pola posibilidade de transferir fondos doutras partidas establecidas no convenio de subvención asinado pola Universidade





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



UNIVERSIDADE DE VIGO

de Vigo e SEPIE a esta partida de bolsas. Este incremento do crédito está amparado polo artigo 58 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que permite fixar unha contía adicional que queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no [Portal de bolsas](#), con carácter previo á resolución de concesión sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

4.2. MODALIDADES DE AXUDA: AXUDA INDIVIDUAL E AXUDA DE VIAXE

4.2.1. AXUDA INDIVIDUAL

As persoas seleccionadas recibirán unha axuda individual segundo a duración da estadía presencial máis días de viaxe, de ser xustificadas.

Existen dúas modalidades de axuda: axuda importe base ou axuda destinada a participantes con menos oportunidades.

	Axuda importe base	Axuda a estudiantado con menos oportunidades*
Ata o día 14 da actividade presencial do BIP	79 € por día	100 € adicionais para toda a mobilidade
Do día 15 ao 30 da actividade presencial do BIP	56 € por día	150 € adicionais para toda a mobilidade

- Poderán financiarse días adicionais de viaxe: ata 2 días en viaxe non ecolóxica sempre que a viaxe de ida e volta se realice en días diferentes aos da realización do BIP.

- Axuda de ata catro días adicionais, no caso de viaxe ecolóxica e sempre que se xustifique a necesidade destes días adicionais. Non se financiarán días de viaxe adicionais por viaxe ecolóxica cando a distancia sexa inferior a 600 km.

*Considérase estudiantado con menos oportunidades:

- O estudiantado **bolseiro do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) ou do Departamento de Educación do País Vasco** no curso inmediatamente anterior a realizar a mobilidade. **Documento acreditativo: resolución de concesión.**

- O estudiantado que teña recoñecida legalmente unha **discapacidade en grao igual ou superior a un 33%**. De ser necesario, poderanse tramitar axudas adicionais dependendo do custo real dos gastos incorridos polo/a beneficiario/a mediante a presentación de facturas polos conceptos de: transporte, acompañantes, servizos profesionais ou outro tipo de gastos derivados da mobilidade. **Documento acreditativo: certificado de discapacidade.**

- O estudiantado que estea en **risco de exclusión social**. **Documento acreditativo: informe dos servizos sociais.**

- O estudiantado que teña a condición de **persoa refuxiada** ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado unha solicitude de protección internacional en España.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+

- **Familias numerosas ou monoparentais. Documento acreditativo: certificado de familia numerosa ou monoparental da Xunta ou administración correspondente.**
- **O estudantado con persoas dependentes ao seu cargo. Documento acreditativo: certificado da administración correspondente.**

4.2.2. AXUDA DE VIAXE

O estudantado recibirá unha axuda de viaxe que se calculará empregando a calculadora de distancias proposta pola Comisión Europea, que poderá atopar na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/tools/distance_en.htm, tomando como referencia o campus no que está matriculado na Universidade de Vigo ata a universidade de destino.

DISTANCIA DE VIAXE	En caso de viaxe non ecolóxica	En caso de viaxe ecolóxica*
Entre 10 e 99 Km.	28 € por participante	56 € por participante
Entre 100 e 499 Km.	211 € por participante	285 € por participante
Entre 500 e 1999 Km.	309 € por participante	417 € por participante
Entre 2000 e 2999 Km.	395 € por participante	535 € por participante
Entre 3000 e 3999 Km.	580 € por participante	785 € por participante
Entre 4000 e 7999 Km.	1.188 € por participante	1.188 € por participante
8000 Km. ou máis	1.735 € por participante	1.735 € por participante

*Considérase viaxe ecolóxica o desprazamento nas viaxes **de ida e volta** nun medio de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto (autobús, tren ou automóbil compartido con outras persoas beneficiarias da bolsa).

Para percibir esta axuda, o estudantado deberá confirmalo antes do inicio da estadía pois deberá estar reflectido no convenio de subvención e achegar, xunto co documento de final da estadía, unha declaración xurada e os xustificantes (billetes de tren ou autobús) na plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes a través do Formulario de Seguimento habilitado.

4.3. PAGAMENTO

O pagamento farase en dous fases:

- **1º pagamento:** A tramitación do pagamento do **80% das bolsas** iniciarase antes do inicio da mobilidade, unha vez confirmada a aceptación do estudantado por parte da universidade organizadora e recibido na ORI o convenio de subvención asinado polo estudantado e a documentación correspondente ao seguro.
- **2º pagamento:** A tramitación do pagamento do importe restante iniciarase ao finalizar a estadía e recibido na ORI o certificado de participación no BIP, os xustificantes da viaxe e tras ter realizado o informe final de experiencia relativo á súa mobilidade na plataforma do "Módulo do





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



EUROPEAN UNION

beneficiario" da UE, cando lle sexa requirido mediante un aviso dirixido ao seu enderezo de correo electrónico do dominio @uvigo.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Non poderá ter a condición de beneficiaria a persoa na que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

5.1. Presentación de solicitudes

A presentación de solicitudes supón a realización da totalidade dos seguintes pasos:

- Acceder ao [Portal de mobilidades saíntes](#) e identificarse cos datos de acceso á secretaría virtual.
- Unha vez dentro do Portal, cumprimentar, no apartado «procedementos abertos», o formulario correspondente á **Solicitud de participación en BIP 2025-26** e achegar a documentación requirida.

Só se poderá presentar unha solicitude por estudante polo que non deberán premer o botón de «enviar» ata revisar os datos e asegurarse de que son correctos.

5.2. Documentación

No apartado de «documentos requiridos » do formulario de solicitude deberá achegar a seguinte documentación:

- a) **Certificacións oficiais de coñecemento de idiomas estranxeiros** esixidos na normativa do centro de orixe e/ou pola universidade de destino.
O estudantado deberá acreditar o coñecemento do idioma esixido mediante a presentación dunha das seguintes certificacións:
 - Certificacións oficiais recoñecidas pola [Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior](#) (ACLES) e as das Mesas Lingüísticas da CRUE na súa última actualización (<https://proyectos.crue.org/acreditacion/>).
 - Certificación de recoñecemento do nivel de lingua estranxeira segundo o MCERL: Estudantado das facultades de Filoloxía e Tradución, Relacións Internacionais e Ciencias Empresariais e Turismo, deberán achegar certificación emitida pola área de estudos correspondente, para os únicos efectos de solicitude dunha praza nesta convocatoria, que recolla o nome e apelidos, titulación e nivel acadado na lingua estranxeira en cuestión. No caso de presentar este certificado, é responsabilidade do estudantado comprobar que é válido para a universidade de destino.

Quedan eximidos de acreditar o nivel de idioma:

- As persoas graduadas ou licenciadas de titulacións nas que a lingua de instrución, polo menos do 50 % das materias cursadas, coincida co idioma de estudo no centro de destino.
- O estudantado que aprobou un curso equivalente a cuarto da ESO ou superior en sistemas educativos nos cales se empregou o mesmo idioma que no centro de destino.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



ERASMUS+ EUROPEAN UNION

Non se aceptarán certificados de lingua castelá ou galega.

Deberá terse en conta que os requisitos de idioma detallados neste apartado a) son os esixidos pola Universidade de Vigo para a participación nesta convocatoria. As institucións de destino poden esixir requisitos diferentes ou adicionais e será responsabilidade do estudantado comprobar e cumprir cos requisitos de idioma esixidos pola universidade de destino. Se o estudantado nun cumpre cos requisitos da universidade de destino é posible que non sexa aceptado.

- b) **Certificado de mobilidade**, no caso do estudantado que gozase dunha bolsa Erasmus+ durante o mesmos nivel de estudos nun centro de Formación Profesional ou noutra institución de ensino superior. Deberá indicar o número exacto de meses e días de estadía realizados.
- c) **Acreditación da condición de estudantado con menos oportunidades**, segundo o establecido no [punto 4.1](#) desta convocatoria.

Poderá requirirse ás persoas solicitantes a documentación que se precise para a correcta avaliación dos requisitos e méritos alegados.

5.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación desta convocatoria e rematará ás 23:59 hora peninsular española do **23 de novembro de 2025**.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

Rematado o prazo de presentación de solicitudes establecido, e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicarase a listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo **de cinco días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación, para emendar os erros e a falta de documentación presentando as alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais.

Unha vez revisadas as alegacións, a selección será efectuada pola Comisión de Selección segundo os criterios establecidos no anexo II.

Publicada a resolución coa listaxe definitiva de solicitudes admitidas e excluídas e efectuada a selección pola Comisión de Selección, publicarase a listaxe provisoria de persoas candidatas seleccionadas e a listaxe de agarda.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte á publicación da resolución a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) mediante a instancia xenérica (SXER) dirixida á Oficina de Relacións Internacionais.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



EUROPEAN UNION

Revisadas as alegacións, a Oficina de Relacións Internacionais elevará a proposta de **resolución definitiva de prazas concedidas, denegadas e lista de agarda**, á Vicerreitoría de Internacionalización para a súa publicación.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar resolución expresa no prazo de 5 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse na sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/public/dynamic/publications> (Taboleiro de anuncios), no Portal de bolsas da web da Universidade de Vigo e na seguinte ligazón:

<https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade/estudantes-saintes>

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

As persoas seleccionadas deberán **ACEPTAR** a concesión da praza no [Portal de mobilidades saíntes](#) no prazo de **10 días hábiles** tras o envío da comunicación da adxudicación da praza a través de MoveON. De non realizar esta aceptación dentro do prazo establecido, entenderase que **renuncian á praza concedida**.

O estudantado que se atope en **lista de agarda** e sexa seleccionado con posterioridade deberá aceptar a praza **nos 10 días hábiles seguintes á súa selección**, mediante o mesmo procedemento.

Toda **renuncia a unha praza previamente aceptada** deberá ser comunicada por escrito á ORI, enviando un correo electrónico ao enderezo: outgoing.ori@uvigo.gal. Esta renuncia deberá estar **debidamente xustificada**.

O estudantado que **renuncie fóra de prazo e sen xustificación válida** será penalizado coa imposibilidade de participar en vindeiras convocatorias de mobilidade da ORI.

Así mesmo, **non presentar a documentación requirida antes do inicio da estadia** será considerado como unha **renuncia non xustificada**, e implicará a mesma penalización.

8. OBRIGAS

O estudantado seleccionado e admitido deberá:

- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación, e con todas as previstas nas bases desta convocatoria.
- Enviar a universidade organizadora do BIP o formulario de candidatura (*application form*) e toda a documentación requirida no prazo estipulado, trala confirmación por parte da ORI á universidade de destino dos datos do estudantado seleccionado (proceso de nominación). **A adxudicación da praza de mobilidade por parte da Universidade de Vigo non implica que a persoa seleccionada sexa aceptada automaticamente na institución de destino.**
- Comunicarse coa ORI a través da conta de correo co dominio alumnos.uvigo.es e enviar as mensaxes unicamente á conta de correo outgoing.ori@uvigo.gal, identificándose sempre con nome e apelidos e indicando a mobilidade na que se participa.
- **Permanecer no destino** ata o final do período previsto da estadia. Ao ser cursos de curta duración, o estudantado ten a obriga de realizalo completo. Todas as renuncias obrigarán á devolución do importe da bolsa recibida.





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



OFICINA DE RELACIONES INTERNACIONALES

- **Manter o contacto directo periódico** coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro a través da dirección electrónica do dominio @uvigo.gal.
- **Respectar as normas** da universidade de destino no que se refire aos requisitos de conduta e actividades nas aulas.
- **Enviar a seguinte documentación nos prazos establecidos. A non presentación en prazo poderá ser causa de revogación da concesión da praza:**

- **Antes de iniciar a estadia:**

Mediante a plataforma MoveON, no Portal de mobilidades saíntes, a través do Formulario de Seguimento habilitado:

- a) Copia da **tarxeta sanitaria europea**.
- b) Copia dun **certificado de cobertura dun seguro de asistencia en viaxes** que o estudantado deberá contratar e que cubra o período completo de estadia, incluída a realización de exames e días de viaxe. Deberá incluír gastos médicos por enfermidade, accidente e hospitalización, responsabilidade civil e repatriación.
- c) Copia do **comprobante de ter pagado o seguro** de asistencia en viaxe.
- d) **Contrato de estudos para mobilidades de curta duración**, debidamente asinado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro, polo/pola estudante e pola persoa coordinadora de destino, con data **anterior ao inicio da mobilidade**. A persoa responsable do curso que se detalla no anexo II será a que informe do procedemento de recoñecemento que poderá ser:
 1. Por una materia/a da titulación segundo se estableza no convenio.
 2. Por créditos de libre configuración. O estudantado, unha vez finalizado o curso poderá solicitálo no secretaria do seu cento.
 3. No caso do estudantado de doutoramento, poderá subir ao seu expediente toda a información do curso.

Mediante o correo electrónico:

e) **Convenio de subvención:**

Unha vez recibida toda a documentación anterior, a Oficina de Relacións Internacionais remitirá o convenio de subvención ao estudantado por correo electrónico. Unha vez recibido o convenio de subvención, o/a estudante deberá:

- Revisalo con atención.
- Asinalo mediante sinatura electrónica segundo o establecido no punto 10 desta convocatoria.
- Remítilo de novo á ORI na data que se indicará.

O convenio de subvención deberá estar asinado antes do inicio da estadia.

- **Ao finalizar a estadia:**

- a) **Certificado de participación no curso:** Deberá enviarse por correo electrónico, asinado e selado pola universidade de destino, sen emendas nin raspaduras. As persoas beneficiarias acreditarán a estadia efectiva e a súa duración mediante este certificado. As datas de chegada





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



EUROPEAN UNION

e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora de xustificar a estadía real. **Xustificantes os días de viaxe cos comprobantes correspondentes** (tarxetas de embarque, billetes de autobús, etc.), viaxes realizadas en días diferentes aos de realización do BIP.

b) No caso de **viaxe ecolóxica, billetes de ida e volta**, tarxetas de embarque de transporte ecolóxico e, no caso de automóbil eléctrico ou compartido, declaración responsable das persoas participantes no BIP que comparten o vehículo acompañado de evidencias da identificación e características do automóbil, reposición ou recarga, autoestradas e quilometraxe.

c) **Enquisa EU Survey en liña: cumprimentar e enviar nos 30 días naturais** posteriores á recepción da invitación para facelo. A Universidade de Vigo poderá requirir o reembolso da axuda financeira concedida ao estudantado que non cumprimente e envíe esta enquisa.

9. INCOMPATIBILIDADES

- A bolsa é compatible con calquera outra bolsa ou axuda obtida para a realización de estudos na Universidade de Vigo, en concreto coa bolsa xeral de estudos do MEFP.
- A bolsa é incompatible con calquera outra bolsa de mobilidade concedida para o mesmo período.
- A bolsa é incompatible para o estudantado internacional ou nacional que está cursando estudos na Universidade de Vigo no cadro dun programa de intercambio.
- A bolsa é incompatible para a participación en BIP organizados en España.

10. SINATURA DE DOCUMENTOS

Os documentos que precisen ser asinados polo estudantado nesta convocatoria deberá facerse dixitalmente co DNI electrónico ou co certificado dixital de persoa física emitido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre. Recoméndase consultar o [manual](#) para a obtención do certificado de persoa física.

En toda a documentación relacionada coa estadía, non se poden mesturar sinaturas dixitais con sinaturas manuscritas.

11. REINTEGRO DA AXUDA E PERDA DO DEREITO DE COBRO

A concesión desta bolsa poderá ser revogada ou declararse a perda do dereito de cobro polos seguintes motivos, e suporá que a persoa beneficiaria reintegre as cantidades incorrectamente aboadas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- Non presentar a documentación nos prazos establecidos.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Perder a condición de universitario/a, durante todo o período de goce da bolsa.

12. TRANSPARENCIA

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así





Cofinanciado por
la Unión Europea



ATHENA



UNIVERSIDADE DE VIGO

como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

13.PROTECCIÓN DE DATOS

A información sobre a política de protección de datos está dispoñible no [Portal de bolsas](#).

14.NOME DOS ARQUIVOS PARA A ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN

A continuación indícase a nomenclatura que se debe utilizar para presentar a documentación requirida.

Documentación para entregar coa solicitude	
Certificado de coñecemento do idioma no que se impartirá o curso	cid- apelido1-apelido2-nome/s-
Documentación para entregar ao final da estada	
Certificado de participación	cefin- apelido1-apelido2-nome/s
Xustificantes de viaxe	viaxe- apelido1-apelido2-nome/s _
Tarxeta sanitaria europea	ts- apelido1-apelido2-nome/s
Seguro de asistencia en viaxe	seg- apelido1-apelido2-nome/s
Xustificante de pago do seguro de asistencia en viaxe	xustseg- apelido1-apelido2-nome/s

